

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

OUTUBRO
NOVEMBRO
DECEMBRO 2024

ABRACADABRA

MIRANDO ÁS ESTRELAS
PASATEMPOS
GALERÍA DE FOTOS
PARA SABER MÁIS
QUE HAI DE NOVO



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E





Isto cadra xenial... isto tamén... isto... en fin, non todo ía coincidir tan ben... Ah!!! Ola!!! Non vos vía porque estaba, en total concentración, elaborando un calendario astronómico para non perder nada este outono. Un momento!, vou puntualizar. Co de astronómico non me refiro a que sexa enorme e cheo de eventos, se non ao seu significado máis literal: un calendario de astronomía. A que é xenial?! Pois si. Este verán tiven a sorte de poder asistir a algúns dos espectáculos naturais máis A-LU-CI-NAN-TEs!!! Si, si. O 5 de agosto, na praia de Carnota, puideron ver a Vía Láctea e o mar de ardora, e nun momento da noite, a Vía Láctea e máis eu fomos testemuñas dalgunha perseida perdida cruzando o ceo... Foi... Fantasía pura! Desde aquela noite, namorei profundamente do ceo nocturno, e agora só penso en poder admirar a bóveda celeste en toda a súa grandiosidade. Se ata parece que me volvíñ poeta ao falar... ha, ha, ha.



Pois iso, que non quero perder nada, así que fixen unha listaxe cos lugares Starlight de Galicia e empecei un calendario. Cántovos o que teño anotado polo momento:



O 12 de outubro, sen ir máis lonxe, poderemos ver o cometa C/2023 A3 (Tsuchinshan-ATLAS) que pasará a só 71 millóns de km da Terra. Xa sei que parece moito, pero se miramos en perspectiva non é tanto, e o que é máis importante, con esta distancia será bastante brillante polo que resultará doada a súa observación. Ademais, o 12 de outubro é sábado, o que significa que non haberá problemas para saír de noite...



Doutra banda, este outono, poderemos gozar de catro choivas de estrelas! Como o estades oíndo. A noite do 8 de outubro será o punto álxido da choiva das Dracónidas; o 16 e 17 de novembro poderemos observar as Leónidas; a noite do 13 ao 14 de decembro as Gemínidas; e o 22 e 23 de decembro será a quenda das Úrsidas. Aínda que é certo que ningunha delas contará coa sorte de ter lúa nova para que a escuridade total nos axude a ver máis meteoros, eu penso probar sorte igualmente. Tamén vos deixo as datas das lúas cheas, tan hipnóticas nas noites despexadas: o 17 de outubro poderemos ver a "Lúa do Cazador", e o 15 de novembro a "Lúa do Castor", a 3ª e 4ª superlúas de 2024 respectivamente (das 4 superlúas do ano) e o 15 de decembro teremos a "Lúa fría", chamada así porque adoita coincidir co momento no que as temperaturas baixan significativamente.



E ata aquí o que atopei polo momento. Pero non vos preocupedes que non vos vou deixar sen dicirvos os mellores lugares para observar o ceo: na Costa da Morte, hai unha chea de sitios e praias perfectos para contemplalo en todo o seu esplendor, como: o dolmen Arca da Piosa, Punta Nariga, Monte Pindo, praia de Soesto, Cabo Touriñán, Espazo Natural de Razo-Baldaio, a praia do Rostro,... ; tamén na Coruña, a Reseva da Biosfera Mariñas Coruñesas, conta co título de destino Starlight, sendo Sobrado, Aranga, Curtis ou Oza-Cesuras os municipios cos valores óptimos en canto a calidade do ceo nocturno; no municipio da Veiga (Ourense), o Espazo Natural Protexido de Pena Trevinca; en Lugo, o municipio de Muras conta, tamén, con varias localizacións libres de contaminación luminosa como: Miradoiro de Campelas de Auga, Cruz da Fraga Gora, Miradoiro de Picoorto, Cruz de Bestemuz, Miradoiro de Manzoí, Alto da Amosa, Miradoiro da Gañidoira,... ; tamén en Lugo, a Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e montes de Navia de Suarna, Cervantes e Becerreá están a adecuar estes municipios para convertelos en referentes de turismo astronómico; en Lalín (Pontevedra), o mellor lugar está nun vértice xeodésico na parroquia de Maceiras, pero tamén ten outros puntos como o outeiro de Albarellos, ou a Fraga de Catasós; e, para rematar, nas Rías Baixas, temos o Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, composto por Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes. Ah! E se tedes a oportunidade, en Forcarei (Pontevedra) atópase o telescopio máis grande e potente de Galicia. Non deixedes de aproveitalo.



Que máis... Por suposto! As Apps que nos permiten localizar os corpos celestes en tempo real. Eu probei Star Walk 2 e Sky Map pero mirando na web atopei unha chea de aplicacións, así que se non vos gustan as que uso eu déixovos algunhas outras para que probedes: StarChart, Planetarium, Mobile Observatory, SkyView, Vortex, Luminos, Stellarium.



Espero que poidades gozar destes espectáculos tan maravilhosos que nos ofrece a natureza. E, quen sabe, tal vez nos atopemos algunha noite... Pero por se acaso non é así, vémonos no próximo número!!!



Xa chega o tempo do divertimento, así que aquí vos deixamos algúns **chistes** que nos fosten deixando, unha **sopa de letras con 6 constelacións e un cometa**, e un reto para atopar **7 diferenzas** nunha imaxe moi espacial. Atrévadesvos?

- ¿Cuál es el colmo de un astronauta?
Que no le dejen espacio.

- Saturnino, ¿me dejas unas gafas?
- ¿Para el sol?
- No, para mí.

-Papá, ¿qué quiere decir sintaxis?
- Que no queda otra que ir en autobús



- Hola ¿Puedo hablar con Andrea?
- Sí, soy yo.
- Te llamo para decirte que sigo intentando conseguirte la luna
- ¡Oh! ¡Qué bonito! ¿Quién eres?
- Soy del taller de reparación de cristales para coches.



Galería de fotos



A	R	I	M	O	T	Y	I	S	R	O	M
N	E	O	R	I	O	N	T	A	C	I	A
O	E	S	R	E	P	U	I	X	E	R	H
Q	C	U	P	J	E	D	A	P	F	A	Y
I	F	A	U	H	G	A	K	O	L	T	Z
A	S	M	S	A	A	C	O	L	B	I	V
M	A	J	I	I	S	B	E	A	L	G	O
R	X	O	V	N	O	Y	I	W	O	A	M
C	E	Z	A	J	H	P	S	A	P	S	O
G	R	A	L	C	E	F	E	O	R	A	Q
I	A	G	O	B	M	E	S	A	O	T	U



E, para os que queirades afondar máis sobre este apaixonante tema, deixámosvos **14 títulos** e **unha páxina web**:

- Agujeros negros y otras curiosidades del espacio / Alex Barnett (5 BAR agu / a)
- Las Estrellas / Robert Estalella (52 VEN / v)
- Historias de astronomía : todo lo que el cielo puede contarnos / Gertrude Kiel
- La Tierra: guía completa y actualizada / John Farndon (52 FAR tie / v)
- Las Vidas de Galileo : viaje por la historia de la Astronomía / Ch. Fiami (C VID / v)
- Las Astrónomas chicas estrella / Sara Gil Casanova (N SAB / v)
- El Espacio / Alan Dyer (52 DYE esp / a)
- Copérnico : guía para jóvenes / Carlos Blanco (929 (COP) / a)
- La Conquista del espacio / Alain Dupas (91 EXP / v)
- Biblioteca del espacio (52 BIB / a)
- Diccionario Sirius de Astronomía / [ed. Prado Fernández Corrochano] (52 DIC / a)
- Qué sabes de astronomía / Robin Kerrod (52 KER / a)
- Atlas de la exploración espacial / Richard Platt (62 PLA / a)
- Jóvenes astrónomos / Harry Ford (52 FOR / a)
- <https://atlasdeastronomia.com>



Soluciones dos pasatempos



									O		
		O	R	I	O	N				I	
O	E	S	R	E	P					R	H
	C				E						A
		A			G					L	T
			S		A				L		I
				I	S		E				G
					O	Y					A
						P					S
					C	E	F	E	O		
										A	

Que hai de novo...?

* **Comezamos** coas **ACTIVIDADES DE OUTONO**: os sábados pola mañá, taller de **“Lego Wedo”** para nen@s de 7 e 8 anos e **“Robótica e programación”** para nen@s de 9 a 14 anos. Consulta o programa na biblioteca ou na páxina web <https://www.dacoruna.gal/biblioteca/actividades>

* **CELEBRACIÓNS** do **“Día da Biblioteca”** con Talleres temáticos en outubro.

* **PRÉSTAMO DIXITAL**. Se tamén che gusta ler en dixital, agora todos os usuarios a partir de 9 anos podedes darvos de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* **BOLETÍNS DE NOVIDADES**. Se che interesa estar ao día coas novidades que nos chegan á biblioteca, podes consultar as novidades, mes a mes, na páxina web.

* **RESERVAS E RENOVACIÓNS**. Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA**. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

